

Revista escolar

O Anco da Vella

Nadal 2008

nº 40



1ª SEMANA HOMENAXE a Josefa Fernández Fontela



MONICREQUES



ilustración

confacontos



ANIMACIÓN Á LECTURA

CEP "XOSÉ NEIRA VILAS" - ANPA "SAN MIGUEL"



CEP "Xosé Neira Vilas"
PEITIEIROS - GONDOMAR



Índice

1ª Semana Homenaxe a Josefa	4-5
Programa de actividades	6
Hora de ler	7
Equipo Dinamización da Biblioteca.....	8-9
Adiviñas/animais.....	10-11
Carta a Papá Noél e aos Reis Magos.....	12
Outono	13
Magosto	14-15
Carta aos nenos que non foron ao contacontos.....	16-17
Do rosa ao gris.....	18-19
Un percorrido polo museo de Pontevedra.....	20-21-22
Petanca e buxaina.....	23
Ratos e dragóns	24
O rincón da poesía	25
Traballo no viveiro	26-27
A nosa sección bilingüe	28
Memorizar táboas	29-30



1ª Semana Homenaxe a Josefa



A 1ª Semana Homenaxe á profesora **Josefa** celebrouse entre o 1 e o 5 de decembro. Durante toda a semana organizáronse diversos actos relacionados co teatro e a animación á lectura, dúas das actividades ás que se dedicou Josefa no tempo que traballou neste Colexio.



A maioría dos alumnos e alumnas que pasaron por aquí durante ese tempo lembrarán os momentos tan maravillosos que pasaron naquela "aula do dragón", así como os traxes e tocados que levaban cando representaban algunha das obras de teatro nas que ela participaba.

O luns, os **alumnos e alumnas de 6ºA** representaron unha versión moi moderna e de actualidade da "**Ratiña presumida**".



O martes, o ilustrador **Manolo Uhía** demostrounos as súas habilidades na técnica da ilustración de libros de contos e poesías. Moitos dos libros ilustrados por el están na nosa biblioteca.



Arco da Vella

O mércores, os compoñentes do grupo de teatro **Vichelocrego** tiveron a xenerosidade de vir representar a súa obra "**Spot**" ás 9 da noite. A esta actuación asistiron familiares de Josefa, moitos profesores e profesoras que traballaron neste Colexio, ex-alumnos, pais e nais que encheron o salón.

O xoves, **Rosana e Concha**, dúas profesoras do Instituto Auga da Laxe colaboraron contándolles uns **contos** fantásticos a todos os nenos e nenas de 1º a 6º.



O venres rematou a semana coa actuación de **4º A** representando a obra "**Do rosa ao gris**", rematando como remataba Josefa as súas actuacións, agasallándonos cun caramelo. Algúns rapaces de 3º tamén recitaron poesías do Sol e da Lúa.



Grazas a todos pola vosa colaboración e ata a 2ª Semana Homenaxe á profesora **Josefa**.



SEMANA HOMENAXE

a Josefa Fernández Fontela



MONICREQUES



ilustración

contacontos



ANIMACIÓN Á LECTURA

CEP "XOSÉ NEIRA VILAS" - ANPA "SAN MIGUEL"

O CEP "Xosé Neira Vilas" organiza unha semana de animación como homenaxe á profesora Josefa Fernández Fontela.

1 a 5 de
decembro
de 2008

As actividades programadas son:

luns **teatro** "A ratiña presumida" (versión moderna)

6º A ás 13:30

martes **ilustración** Manolo Uhía

ás 13:00

mércores **teatro** "Spot"

Vichelocrego ás 21:00

xoves **contacontos**

Rosana Estévez e Concha Costas

de "Espazo Lectura" ás 9:45

venres **teatro** "Do rosa ao gris"

4º A ás 13:30

As historias tiñan vida nos teus beizos...



Arco da vella



Horario

	luns	martes	mércores	xoves	venres
9:30 - 10:25					
10:25 - 11:15					
11:15 - 12:05					
12:05 - 12:35	Recreo				
12:35 - 13:35					
13:35 - 14:30					

Todos os días temos unha hora de...

Hai a hora de comer, a hora de xogar, a hora de durmir, a hora de erguerse, a hora da ducha...

Nós tamén queremos ter no colexio a **hora de ler**. Para iso preparamos un horario no 2º Ciclo onde fixamos unha "hora de ler" para todos. Durante ese momento gozamos da lectura en silencio.





Arco da Vella

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA

Durante o presente curso 2008/09, creouse un equipo de Dinamización de Biblioteca no que, profesorado pertencente aos diferentes ciclos, traballou e segue a traballar promovendo diversas actividades para pór en coñecemento de todo o alumnado o que se pode facer na biblioteca e animarlles, de forma lúdica, a achegarse á maxia dos libros.

Os eventos máis salientables durante estes primeiros meses de curso foron a conmemoración do *Día da Biblioteca (o 24 de outubro)* e a aparición dos *nosos voceiros Peiti*



e *Eiros*



(na segunda quincena de novembro).

No primeiro acontecemento os nenos e nenas do colexio deron resposta a un par de preguntas, a modo de enquisa, para axudarnos a elaborar unhas normas de uso da biblioteca e facer suxestións sobre actividades que se poderían facer nela.



As súas respostas foron colocándose nun panel habilitado para tal función na biblioteca e, das súas suxestións, elaborouse un díptico que levaron a casa para que as familias tamén coñecesesen a nosa biblioteca.


Panel da enquisa na que os nenos/as, por ciclos, deron resposta aos nosos interrogantes.





Arco da Vella

Por outra banda, o día 13 de novembro apareceron polo colexio os nosos voceiros *Peiti e Eiros*. Presentáronse con eses nomes, pero realmente ninguén sabía quen eran, nin de onde viñan.



Mensaxe transmitida polos nosos voceiros.

Por que estaban no colexio? Onde vivían? ... Moitos interrogantes houbo entorno a eles, pero coa axuda da imaxinación do alumnado puidemos resolvelo antes do Nadal. Para iso puxemos en marcha un concurso no que os nenos e nenas do colexio deberon dar resposta a estas preguntas inventando a historia destes personaxes.



Encontro do alumnado con Peiti e Eiros nos corredores do colexio.

Tres foron os finalistas e gañadores (un por ciclo) deixando aberta a posibilidade de ter tres historias válidas. Os gañadores recibiron, no seu día, un agasallo e un diploma acreditativo de tal evento. Tódolos demais participantes levaron un pequeno detalle para poder compartir coa familia.

***GRAZAS A TODOS E TODAS OS QUE COLABORARON
MATINANDO HISTORIAS! , E PARABÉNS AOS GAÑADORES E
GAÑADORAS!***



Arco da vella

adiviñas adiviñas

3ª

É pequeno
pero non é unha formiga.
Ten cola
e non pega.
Roe, roe, roe.
Adiviña, adiviñato.
Quen é?

© rofo

Voa
e non é un paxaro.
Dorme en árbores
e non é un esquío.
Come ratos
e non é un gato.
Adiviñou, adiviñoucho.
Quen é?

© mouse

Salta moi alto
pero non é canguro.
Caza presas
e non é guepardo.
Ten boas poutas
e non é aguia.
Adiví, adivince.
Quen é?

© Inca



Corre bastante
pero non é unha lebre.
Pódese montar nel
pero non é unha bicicleta.
Adiviñar, adiviñalo.
Quen é?

© rabak



Ten pouco pelo,
por iso non é león.
Bebe sangue,
pero non é un vampiro.
Ten uns dentes afiados
e non é guepardo.
Dorme todo o día,
pero non é un leirón.
Adiviña, adiviñego.
Quen é?

© marcego



Voa.
É moi boa.
Ten moitas cores.
Pero non é o arco da vella.
Adiviña, adiviñeta.
Quen é?

A beborre





Arco da vella

Camúflase
pero non é un insecto pao.
Ten a lingua longa
pero non é un sapo.
É reptil
pero non é unha serpe.
Adiviña, adiviñon.
Quen é?

© comelón



Ten moito pelo
Pero non e un oso.
É bo cazador
pero non ten pistola.
Vive na selva
pero non é a xirafa.
Adiviña, adiviñón
Quen é?

© bati



Ten raias
pero non é un caderno.
Vive na selva,
pero non é unha serpe.
Non é perigosa.
Adiviña, adiviñebra.
Quen é?

A cabra

É un animal que corre
20 por hora.
Ten plumas
Ten pescozo moi longo.
Adiviña, adiviñuz.
Quen é?

A maestra



Cólgase nas pólas
pero non é Tarzán .
Ten pelo,
pero non é o león.
Ten as mans pequenas
pero non é un rato.
Adiviñón, adiviñono.
Quen e?

© maná



Ten rabo longo,
pero non é un guepardo.
Ten ollos grandes,
pero non é un moucho.
Ten moitas cores,
pero non é un tigre.
Camúflase pero non é unha serpe.
É moi bonito
pero non è un gatiño.
Adiviña, adiviñón.
¿Quen é?

© comelón



Ten moito pelo,
anda na árbore,
salta polo monte.
Adiviña, adiviñono.
Quen é?

© maná





Arco da vella

CARTA A PAPÁ NOËL E AOS REIS MAGOS

Querido Papá Noël, Queridos Reis Magos:

Xa sei que nestas datas andades moi apurados e atarefadííííísimos buscando, por xogueterías e centros comerciais, xoguetes e agasallos para todos os nenos e todas as nenas. Pero, aínda así eu quería pedirvos un anaquiño do voso tempo para achegarvos, por se vos poder ser de axuda, unhas sinxelas

ORIENTACIÓNS PARA ESCOLLER OS MELLORES XOGUETES:

- ★ Un bo xoguete ten que permitir o xogo e desenvolver a imaxinación.
- ★ Os xoguetes deben ser variados porque cada xogo estimula funcións diferentes.
- ★ Comprobade que o xoguete está recomendado para a idade dos nenos e das nenas aos que vai destinado, que lles axudará a manifestar a súa personalidade e que lles permitirá relacionarse.
- ★ O xoguete máis sofisticado non sempre é o que máis gustará; a miúdo os máis sinxelos acostuman a ser os máis divertidos.
- ★ Non vos deixedes embobar pola publicidade, probade os xoguetes antes de adquirilos e lembrade que o xoguete máis custoso non é sempre o mellor.
- ★ Lede ben as etiquetas, as regras e as instrucións e seguides as recomendacións de seguridade.
- ★ Os xoguetes son para nenos e nenas por igual: evitade as distincións sexistas ao repartir os xoguetes.
- ★ Rexeitade tamén os xoguetes bélicos, que disparen obxectos pequenos ao aire ou que fagan rúidos estridentes.
- ★ Non lle traiades demasiados xoguetes a un só neno ou nena porque un exceso destrúe a fantasía e produce aburrimiento.
- ★ Os videoxogos non son xoguetes, son produtos de ocio interactivo; se os regalades estudiade con atención os contidos e a clasificación por idades.
- ★ E lembrade... **un LIBRO é sempre o mellor agasallo.**


Como non vos quero entreter máis, despídome xa con bicos e aloumiños e pedindo, de corazón, para todos e para todas un ano cheo de maxia e de ilusión.


A Fada Madriña





Arco da vella





Arco da vella

no magosto os nenos e nenas
 de 1º
 recoollimos follas,
 xogamos con
 castañas, tiramos
 bolsos castaña
 e pasámolo ben.





Arco da vella





CARTA AOS NENOS QUE NON FORON AO CONTACONTOS

Venres, 14 de novembro de 2008

Ola Raquel e Claudio:

Somos os compañeiros de 2º A e 2º B, os vosos
compañeiros da colexio "Xosé Neira Vilas".

Escribimosvos esta carta para contarvos
o que fixemos en Gondomar cando fomos
ao contacontos. Saímos do colexio e fomos en
autobús ata a Biblioteca e Casa da Cultura
de Gondomar. Alí coñecemos á contacontos que se chama
Rosana. Tiña un mono chamado Teófilo e
andaba buscando a Chocolata.

Tamén nos contou outros dous contos:

Cacoeira e Mariluz a aresturz - ~~mitiga~~
Chao, ata pronta ~~Mame~~

Moitos beicos. ~~Maria Eliana~~ ~~ADRI/F~~ ~~Shera~~

~~Silvia~~
FANI
~~DABIO~~

Andra

~~Alicia~~

~~Eloto~~ ~~Rafael~~

~~Paloma~~

~~Andrés~~

~~Nuria~~

~~Nico~~

~~Javier~~

~~Ulla~~

~~Xacobo~~

~~Ana~~

Alicia

~~Rafa~~


~~Alvaro~~

~~Marta~~



~~ROSA~~



Arco da vella




Mariluz la arcestruz



colarico
picoti picota ai que rico
rico esta

Chocolato






DO ROSA

Esta é a obra de teatro que 4º A representou o pasado día cinco de decembro con motivo da semana homenaxe Á profesora Josefa Fernández Fontela.

Divídese en catro actos.




1ª Aparecen catro amigas e Maruxa. O coro de boas amigas e Maruxa encóntranse no bosque cun sapo. Todas as amigas cren que o sapo é un bicho asqueroso e noxento, agás Maruxa que pensa que pode ser un príncipe enmeigado. O coro de boas amigas marcha ao centro comercial, mentres Maruxa soña que o sapo se convirta no seu príncipe.

Aparece unha fada e dálle a Maruxa un colgante que pode conceder desexos, Maruxa dálle un bico ao sapo e convértese en príncipe.



2ª Están Maruxa e as catro amigas tomando café. As amigas queren coñecer ao príncipe, Maruxa chámalo. As amigas obsérvano e falan con el, parécelles moi encantador. Maruxa ten que marchar a traballar ao súper. O príncipe pídelles cincuenta euros e Maruxa dállos, é moi feliz.

Pasan os días e...





AO GRIS

3º O salón está moi desordenado, Maruxa intenta ordenalo un pouco. Chegan de visita as amigas. Maruxa é unha delas. Bécense, séntanse e preguntan polo príncipe. Unha delas aconséllalle que cambie de traballo porque Letizia deixou de traballar. Chega o príncipe cos seus amigos de toda a vida, o conde e o duque. Veñen un pouco alegres, cunhas cervexas e os cascos das motos.

Aparece un meigo cuns lentes máxicos...



4º O meigo trae uns lentes que cambian as cousas de forma e de cor, case sempre do rosa ao gris.

As amigas atopan os lentes e pasanos unhas ás outras e observan ao príncipe e os seus amigos. Descubren que non son tan bos como parecían. Maruxa enfádase moito e fai marchar aos amigos do príncipe e a el transfórmas en sapo dándolle tres bicos ao colgante que lle regalara a fada madriña.

Volve o meigo para dicir que non ten outros lentes que cambien do gris ao rosa.

4ºA





Un percorrido polo



O pasado día 24 de outubro os alumnos de 6º Nivel do noso Centro realizamos unha saída, que esperabamos con moita ilusión xa que os nosos titores xa nos adiantaran algo como motivación da visita, pero a verdade foi que a realidade superou todo o que pensabamos de antemán, polo que os profesores que nos acompañaron quedaron moi contentos pois, ademais de aprender moitísimo, ao parecer tamén nos portamos como era de esperar pois, somos os maiores do noso centro e temos que dar exemplo de cando en vez. Tiñamos que facer esta introdución, un pouco obrigados polos nosos profesores, pero tamén cómpre dicilo, que así foi.

Cando chegamos á capital, aparcamos nunha gran Praza chamada Montero Ríos, que debaixo tiña un aparcadoiro moi grande, cruzando esta, chegamos a un pequeno parque que estaban restaurando e que tiña un estanque con parruliños moi simpáticos ao lado dun gran pombal en estado ruinoso, de seguido atravesamos varias rúas peoniles do centro ata chegar a unha praza moi concurrida chamada "Pra. da Ferrería", onde fixemos a primeira parada importante para tomar o bocata e xogar un chisco e facer tempo antes de entrar no Museo. Nesta praza tivemos varias anécdotas que é obrigado comentar pois, poidemos comprobar as habilidades do noso compañeiro José Manuel (cazador ecoloxista) coas pombas. Foi quen de chamar a atención dunha bandada duns centos de pombas que o arrodearon de tal xeito coma se o fosen atacar, pero non, o que querían as pombas era participar do seu exquisito bocata, que el repartiu gustosamente, dándolle a cada unha un anaquiño de tal xeito, que se pousaban na súa man, facéndolle el tódalas carantoñas que quixo, eso si, non levou ningunha para casa.

Os profesores fixeron o reconto na mesma praza e dirixímonos ao Museo que estaba moi preto. Cando chegamos chamounos moito a atención o edificio da entrada pois, parecía unha pequena casa rural restaurada. Ao entrar déronnos unha pequena charla para disfrutar da visita e nos dividiron en dous grupos acompañados por dous guías, que nos repartiron nese mesmo momento unhas unidades didácticas para traballar ao longo do percorrido polas distintas salas do mesmo. Foi increíble, pois parecía moi pequeno por fóra pero tiña moitas salas por dentro (difícil de explicar).



Arco da Vella

O primeiro que vimos foi a Sala de Arqueoloxía, na que había moitos restos antiquísimos de tódalas etapas da evolución do home (ferramentas, armas, bisutería, utensilios, etc...) de diversos materiais (pedra, ferro, ouro, acibeche, etc...). Esta sala comunicaba con outras anexas máis pequenas pero de moito valor, polo que puidemos observar, pois nas vitrinas de cristal blindado había moitas cámaras de seguridade.

A unidade didáctica nos axudou moitísimo a fixar a nosa atención en cousas que nos pasarían desapercibidas (valeunos para aprender xogando). Hai que dicir tamén que algún de nós precisou axuda dos monitores ou dos profesores para atopar algunha cousa que pedía a ficha.

Despois pasamos pola Sala Naval, que para moitos foi a máis bonita xa que había maquetas de distintos tipos de navíos moi antigos: carabelas, naos, bergantíns, fragatas, etc. Daquí pasamos baixando por unha escaleira moi estreita a cámara de oficios da Fragata "Numancia" do Almirante "Méndez Núñez". Realmente parecía que estabamos surcando os océanos e case sentiamos o movemento producido polas ondas do mar. Neste punto, nos recordaron unha frase que se lle atribúe ao almirante, "Máis vale honra sen barcos que barcos sen honra". Cando íamos saír deste compartimento o guía preguntounos se sabíamos nadar, e detrás dunha cortina abriu unha porta de evacuación que máis de un pensou que alí estaba o mar. Foron momentos de intranquilidade.



Debuxo da Fragata "Numancia" a escala comandada polo Almirante vigués "Méndez Núñez"

A continuación entramos noutra sala de louza moi bonita (de Sargadelos tiña que ser) onde había moitas pezas espostas coas cores típicas desta fábrica galega de tanta sora.



Prato coa cor típica



Vaixela de café típica



Arco da vella

A última etapa foi a adicada a Castela (personaxe polifacético) ademais de ser un dos fundadores do Museo. A verdade, é que a súa aportación aquí é tan variada que non sabes que escoller.

pro do galego
verdadeiro
tan importante
esqueceremos



Debemos dicir que todo o
foi marabilloso. Rematar
lizo pois, non sabemos
dentro da Cultura Galega
zamaís.



seu traballo en
con el foi un
que este home fose
Non o

Non podemos rematar esta pequena contribución para a nosa Revista, sen dárllelas grazas á Deputación Provincial xa que a gratuidade destas saídas é moi importante para poder achegarnos á Nosa Cultura.



Fotografía actual do Museo Provincial de Pontevedra

Alumn@s de 6º Nivel



Arco da vella

petanca
buxainas



O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística en colaboración co profesorado, en particular o de Educación Física, organizou este trimestre o 1º certame de petanca e o 2º de buxainas. Durante dúas semanas e nas horas de recreo, os alumnos e alumnas que quixeron practicaron ámbolos dous xogos populares.





RATOS E DRAGÓNS *Arco da vella*

Os nenos/as de 3º curso estamos facendo un xogo para aprender a ser seres humanos auténticos, como..., que non sabedes o que é iso?

Pois mirade, nós escollemos dous animais, un pequeniño e delicado, o **Rato** e outro forte e feroz o **Dragón** e comezamos a preguntarnos como se comportaban.

Entón depois de moito pensar entre todos decidimos escribir nuns carteis as características destes animais, e saíunos isto que estades a ollar.

Descubrimos que os **Ratos** son delicados, suaves, xoguetóns, tímidos débiles, medosos, rápidos, pelexóns e ...

e os... **Dragóns** queredes saber como son?. Pois nós chegamos a averiguar que son abusóns, chuliños, torpes, malos, agresivos, pegóns, acusicas, matóns, gritóns...

Non credes que ás veces as persoas temos algo de ratos e tamén algo de dragóns????



Pero nós o que queremos é chegar a ser seres humanos **AUTÉNTICOS**, pois teñen moitas máis **vantaxes**... como? que non se vos ocorre ningunha... Pois... para descubrilas teredes que agardar ata o próximo número da vosa revista escolar. Ata pronto!!!!!!!



Arco da vella

O rincón da poesía

Eu teño unha finquiña moi bonitiña.




A miña naiciña non ten cabeciña.

Mecadona ten dona.



Por bañarme no río colleume o frío.



A miña gata gústalle o pan con nata.

Os meus cans gústanlles as salchichas con pan.

A miña regliña é moi pesadiña



O meu irmanciño ten moito soniño.



Luca Da Silva Misa 3ºB

Eu teño un libriño que é moi pequeniño e

un lapiciño que está rotiño.

Teño un cadelíño que é moi pequeniño.

Eu teño un gatiño e un ratiño.

Vou facer un barquiño para xogar un pouquiño.

Antón ten un sillón.

Teño un gatiño moi pequeniño.

O balón esta no balcón.



Adrián González Abreu 3º B



Arco da Vella

Traballo no viveiro



O 25 de setembro o 2º Ciclo fomos ao viveiro forestal que queda enfrente do colexio.

Alí arrincamos herbas malas arredor dos carballiños.



Logo fomos buscar landras ao parque para sementar.



Cando chegamos de recoller as landras, sementámolas, 3 cada un.



Arco da vella



Fixemos un xogo de buscar as follas das árbores indicadas.

Explicáronnos como se chamaban as ferramentas que tiñan alí.



Despois xogamos a dous xogos moi divertidos.



Ao final déronnos uns diplomas que dicían que somos “Brivóns”.



Arco da vella

A NOSA SECCIÓN BILINGÜE

Code breaker



A code is a way of writing a message in secret.
This code is very easy.
Each letter of the alphabet is replaced by a number.

THE-DECODER

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
N	O	P	Q	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z
14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26

The code:

23	5		23	9	19	8		25	15	21		1		
13	5	18	18	25		3	8	18	9	19	20	13	1	19.

And ... a Happy New Year






Arco da vella



☺ Memorizar táboas:

1ª Táboa
(Animais)



2ª Táboa
(Países)

1 Uruguay	2 Rusia
3 Polonia	4 Egipto

☺ Repasa as dúas táboas durante 5 minutos e logo pasa a folla e responde ás preguntas.



Arco da Vella

☺ **Preguntas 1ª táboa:**

- * Que animal está debaixo do león ? R: _____
- * Que animal está debaixo da raposa ? R: _____
- * Quen está na diagonal da formiga ? R: _____
- * En que celda está o rei da selva ? R: _____
- * En que celda está o animal asociado coas seguintes palabras: pel, rabo e ladrón ? R: _____
- * Cales son mamíferos ? R: _____

☺ **Preguntas 2ª táboa:**

- * Onde está o país que ten as letras "us"? R: _____
- * Que país está debaixo de Uruguai ? R: _____
- * Que país está debaixo de Rusia ? R: _____
- * Cal é o único país africano da táboa ? R: _____
- * Que país está na diagonal de Exipto ? R: _____
- * Comezando pola celda nº 3, avanza no sentido contrario ás agullas do reloxo e formarás un novo país. Cal é ? R: _____



Samuel 3ºA



Amabel 2ºA



Fátima 6º A

Felices
Festas

